

## Inspección pon fin ás arbitrariedades do Banco cos técnicos, debido a unha denuncia de CCOO

Se un empregado causa baixa por enfermidade (IT), ás veces non cobra o plus B.50

Cando un traballador sofre unha incapacidade temporal (IT) por enfermidade ou accidente común, a Seguridade Social (SS) articula unha serie de prestacións para suplir, en parte, os ingresos que por salario deixará de percibir. Ademais, o noso convenio mellora esas prestacións da SS asegurando sempre a percepción do 100% do salario coma se estivese en activo, por aplicación do convenio.

Desde hai quince anos, **o Banco mantén un convenio coa SS, mediante o cal queda co 5,5% da cota patronal a cambio de se facer cargo do pagamento das prestacións de IT por enfermidade ou accidente común que pagaría a SS. Se hai excedente económico, unha vez pagas as ditas prestacións, destinarase á mellora destas.**

Durante estes anos o Banco pagou as prestacións da SS (60% e/ou 75% da base de cotización) e os complementos que recolle o Convenio. Até aquí todo correcto; outra cuestión é o uso que o Banco deu ao excedente que se producía.

**O excedente destinouno a complementar os pluses voluntarios.** Ao primeiro complementaba até o 100%, pero co paso dos anos foise reducindo **até unha porcentaxe do 80%, PERO NON A TODOS OS EMPREGADOS, algúns recibiron e/ou reciben o «cero por cento»**, sen razón legal ningunha para aplicarlles tal medida e cun criterio empresarial totalmente arbitrario.

**O máis afectado por esta medida arbitraria é o persoal técnico que entrou nunha situación de IT** (algún con enfermidade crónica), por ser o grupo que acapara máis do 90% dos complementos voluntarios nesta empresa, e estes, ademais, supoñen unha media do 35% dos seus ingresos mensuais.

Hai tempo que CCOO lle dixo á empresa que co diñeiro da SS, que é unha caixa universal (de todos e para todos, e sempre con criterios idénticos), non se poden facer políticas retributivas arbitrarias e descoñecidas (como estás en IT, ti cobras o 80% do voluntario e ti o 0%). **Como fixo coma quen non oe e continuou con esa política, decidimos denunciar a situación á Inspección de Traballo.**

Na reunión coa Inspección, esta díxolle á empresa o que CCOO viñamos dicíndolle, **que a repartición do excedente proveniente da SS non pode facerse dunha maneira arbitraria, ten que se facer con criterios transparentes e públicos.** Para iso, cominoua a chegar a un acordo coa representación de CCOO para marcar os criterios con que se han de distribuír os excedentes que se produzan na colaboración do pagamento das prestacións de IT da Seguridade Social.

Alegrámonos de que a Inspección poña fin ás caprichosas decisións que o Banco veu aplicando nas asignacións do remanente da SS ao seu persoal, especialmente ao persoal técnico, e que se inicie o tránsito para a súa distribución cun criterio que sexa equitativo e transparente. Seguiremosvos informando.

Novembro de 2010

Conéctate á nosa web: **People > Seccións Sindicais > COMFIA-CCOO > [http:// www.comfia.net/bs/](http://www.comfia.net/bs/)**

<b>Boletín de afiliación</b> Enviar a ▶	<b>3532-0002 CC.OO.</b>	Sinatura	
Nome .....	Ofi.: .....	DNI	
Domicilio .....	C.P.: .....		Data / /
Poboación .....			
Cta. de cargo .....			
<small>Os teus datos serán incorporados a un ficheiro titularidade de CC OO integrado polos ficheiros pertencentes á confederación ou unión rexional correspondente, segundo o lugar onde radique o teu centro de traballo, á federación do sector ao que pertenza a empresa na que traballes, así como —en todo caso— á CSCCOO. No seguinte URL podes consultar os diferentes entes que compoñen CC OO: <a href="http://www.ccoo.es/sindicato/sindicato.html">http://www.ccoo.es/sindicato/sindicato.html</a>. A finalidade do tratamento dos teus datos por parte de todos estes é o mantemento da túa relación como afiliado/a, coas concretas finalidades establecidas nos estatutos. Ademais do indicado, os teus datos poden ser empregados por CC OO para che remitir información sobre as actividades e acordos de colaboración que se establezan con outras entidades. Sempre estarás informado na web de CSCCOO (<a href="http://www.ccoo.es">http://www.ccoo.es</a>) dos ditos acordos e dos datos desas entidades. Podes exercer os teus dereitos de acceso, rectificación, cancelación e, se for o caso, oposición, enviando unha solicitude por escrito acompañada da fotocopia do teu DNI dirixida a CSCCOO con domicilio sito na R/ Fernández de la Hoz n.º 12. 28010. Madrid. Deberá indicar sempre a referencia «PROTECCIÓN DE DATOS». Setes algunha dúbida ao respecto podes remitir un correo electrónico a <a href="mailto:lopd@cco.es">lopd@cco.es</a> ou chamar por teléfono ao 917028077.</small>			